

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E REPSOL PETRÓLEO, S.A PARA A DOTACIÓN DAS COLECCIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA COAS OBRAS GAÑADORAS DO PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** (en adiante, a consellería) e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra, **REPSOL PETRÓLEO, S.A.** (en diante REPSOL), con domicilio en Bens s/ núm., 15008 A Coruña, e con C.I.F. A-28047223, representada neste acto por Dona. Natalia Barreiro Mata co D.N.I. 23009219-L, na súa condición de directora do Complexo Industrial de Repsol Petróleo, S.A. na Coruña, facendo uso do poder outorgado ao seu favor o 1 de outubro de 2020, ante o notario de Madrid, D. Juan José de Palacio Rodríguez, baixo o número 2394 da súa orde de protocolo.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

MANIFESTAN

Primeiro. As institucións que representan, consideran oportuno xuntar esforzos e cooperar na mellora do acceso ao libro e á lectura, facilitándolle á cidadanía unha lectura gratuíta e un lecer creativo e enriquecedor, favorecido polas novas posibilidades para satisfacer tales demandas a través do servizo bibliotecario público.

Segundo. A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece que a dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas serán exercidas pola consellería competente en materia de bibliotecas, a través do centro directivo

competente nesta materia. Correspóndelle ao órgano administrativo de dirección e coordinación, neste caso a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a adaptación aos cambios tecnolóxicos e sociais que afecten aos servizos bibliotecarios.

Terceiro. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia deben de colaborar na difusión dos resultados da creación cultural galega e en galego en todos os ámbitos da sociedade e en particular, na posta ao dispor da cidadanía a través dos servizos públicos bibliotecarios.

Cuarto. O Premio Narrativa Breve Repsol é un premio literario creado en 2006 pola refinería de Repsol da Coruña e impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Está dotado con 12 000 euros, en compensación polos dereitos de explotación da primeira edición en lingua galega de até un máximo de 1.500 exemplares do texto gañador.

Quinto. O Premio Narrativa Breve ten como obxectivo fomentar a cultura e a lingua galega. No 2010, Fundación Repsol toma a substitución no impulso do certame, que, desde o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, así como coa estreita colaboración da Editorial Galaxia, que editou as anteriores obras gañadoras a través dun acordo de edición.

Sexto. O premio convócase conxuntamente entre a Xunta de Galicia e Repsol como colaboración na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, coa finalidade de estender o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade e tamén favorecer a súa dinamización.

Sétimo. As obras gañadoras do Premio de Narrativa Breve Repsol, en cada unha das súas quince edicións, teñen unha distribución limitada que implica que non están no mercado editorial, aínda que son libros de alto interese para incorporar ás coleccións das bibliotecas galegas xa que son de autores galegos actuais e cunha calidade acreditada ao seren receptores do premio.

Oitavo. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Repsol consideran que unha das mellores maneiras de estimular a creatividade galega e en galego é a de favorecer a posta ao dispor da cidadanía o resultado destas accións de creación, concretamente a través da distribución das obras gañadoras do Premio de Narrativa Breve Repsol, que ven organizando anualmente a Refinería de Repsol Petróleo, S.A. na Coruña.

Noveno. A Consellería ten entre as súas misións a expansión e o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas e dos seus servizos para achegalos a toda a poboación así como a innovación na prestación dos servizos bibliotecarios.

Décimo. Repsol ostenta a propiedade dos exemplares obxecto de distribución nas bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia correspondentes aos títulos gañadores das quince edicións do Premio de Narrativa Breve Repsol, celebradas ata a data de sinatura deste convenio.

En virtude do exposto anteriormente, as partes reunidas acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a distribución dos títulos gañadores das quince edicións do Premio de Narrativa Breve Repsol, celebradas ata a data de sinatura deste convenio, que son propiedade de REPSOL nas bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, así como o establecemento dos dereitos e das obrigas que, derivadas da dita distribución, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

As obras premiadas obxecto de distribución son as seguintes:

2006: Miguel Sande, *Se algún día esta muller morta*

2007: Anxos Sumai, *Así nacen as baleas*

2008: Xosé Luís Martínez Pereiro, *A verdade como mal menor*

2010: Xurxo Sierra Veloso, *Os fíos*

2011: Fernando Díaz-Castroverde, *Microbios e outros paquidermos*

2012: María López Sánchez, *A forma das nubes*

2013: Berta Dávila, *O derradeiro libro de Emma Olsen*

2014: Santiago Lopo, *A diagonal dos tolos*

2015: Marcos S. Calveiro, *Fontán*

2016: Daniel Asorey, *Nordeste*

2017: Xosé Antonio Neira Cruz, *O sono das sereas*

2018: Antón Lopo, *Extraordinario*

2019: Gonzalo Hermo, *Diario dun enterro*

2020: Berta Dávila, *Illa Decepción.*

2021: Xosé Monteagudo, *Eternity*

SEGUNDA. OBRIGAS DA XUNTA DE GALICIA

A Consellería comprométese a:

- a) Facilitarlle a Repsol os nomes e contacto de todas as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia que prestan servizo bibliotecario activo en todo o territorio galego.
- b) Distribuír, a través de medios propios, entre as bibliotecas das Provincias da Coruña e Ourense integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia (174 servizos bibliotecarios) os lotes de libros, que de xeito individualizado por centro bibliotecario, Repsol depositará en dependencias da Consellería.
- c) Colaborar solidariamente e intercambiar con Repsol toda a información no que atinxe á posta en marcha e desenvolvemento da dotación das coleccións ás bibliotecas públicas galegas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- d) Difundir o contido deste convenio mediante accións informativas e divulgativas que se acorden entre as partes.
- e) Calquera outra que as partes acordasen expresamente.

TERCEIRA. OBRIGAS DE REPSOL

Repsol comprométese a:

- a) Organizar e xestionar o envío dos exemplares dos títulos gañadores do Premio de Narrativa Breve Repsol a todas as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia das que a consellería lle facilite o contacto, 300 servizos bibliotecarios dos cales 298 son bibliotecas fixas e 2 son as bibliotecas móbiles de Galicia.
- b) Xestionar a distribución entre as bibliotecas das Provincias de Lugo e Pontevedra integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia (126 servizos bibliotecarios) os lotes de libros, de xeito individualizado por centro bibliotecario.
- c) Remitirlle á Consellería 174 lotes de libros para que sexan distribuídos entre os 174 servizos bibliotecarios activos e integrados na Rede correspondentes ás provincias da Coruña e Ourense.
- d) Colaborar coa Consellería intercambiando toda a información precisa para o seu correcto desenvolvemento.
- e) Comunicar as modificacións, incidencias, queixas ou reclamacións que se produzan á consellería de forma inmediata para facilitar a súa resolución.
- f) Colaborar coa consellería na difusión do contido deste convenio mediante accións informativas e divulgativas que se acorden entre as partes.
- g) Calquera outra que as partes acordasen expresamente.

CUARTA. OBRIGAS FINANCEIRAS

A execución deste convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes diferentes aos que poidan asumir a través dos seus medios propios e mediante as aplicacións orzamentarias ordinarias que faciliten o seu funcionamento ordinario. A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma.

QUINTA. RÉXIME XURÍDICO

Seránlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Este convenio é exclusivamente patrimonial, polo que a xurisdición civil será a competente para o coñecemento de calquera cuestión litixiosa que poida suscitarse como consecuencia del, aplicando o foro territorial a favor da Comunidade Autónoma.

SEXTA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento, formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura da Consellería e por unha persoa representante de Repsol, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes neste convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan formularse.

SÉTIMA. CAUSAS DE PERDA DA EFICACIA

O convenio quedará sen efecto no momento que remate a dotación dos servizos bibliotecarios públicos galegos cos exemplares dos quince títulos das obras gañadoras do Premio de Narrativa Breve Repsol, que constitúe o seu obxecto, ou cando sexa imposible a súa prestación por causas sobrevidas.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de resolución respecto da parte incumpridora.

OITAVA. TRANSPARENCIA

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, Repsol acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais que se deriven deste convenio e da xestión xeral da Rede de bibliotecas de Galicia.

DÉCIMA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

Este convenio terá vixencia ata o 30 decembro de 2023.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e todas elas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese no lugar arriba indicado.

O CONSELLEIRO DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Román Rodríguez González

A DIRECTORA DO COMPLEXO
INDUSTRIAL DE REPSOL
PETRÓLEO, S.A. NA CORUÑA

Natalia Barreiro Mata

